

PLENO 29.12.2000.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE PREVENCIÓN, EXTINCIÓN DE INCENDIOS, RESCATE, SALVAMENTO, PREVENCIÓN DE RUINAS, DERRUMBAMENTOS, LIMPEZAS E OUTROS.

Artigo 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Rexime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora de Facendas Locais, este Concello establece a “Taxa por prestación de servicios de prevención, extinción de incendios, rescate, salvamento, prevención de ruinas, derrumbamentos, limpeza e outros”, que se deberá rexer pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo a sus normas ó previsto no artigo 58 da devandita Lei 39/1988.

Artigo 2.- FEITO IMPOÑIBLE

1.- Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación de servicios de Protección Civil de Caldas de Reis, nos casos de incendios e alarma dos mesmos, afundimentos totais ou parciais de edificios ou instalacións, ruinas, derrumbamentos, inundacións, salvamentos, rescates de persoas ou animais e outros semellantes, ben sexa de oficio por razóns de seguridade sempre que a prestación de dito servicio redunde no beneficio do suxeito pasivo.

2.- Non estará suxeito a esta Taxa o servicio de prevención xeral de incendios, nin os servicios que se presten en beneficio da comunidade ou dunha parte considerable da poboación do municipio ou en casos de calamidade ou catástrofe pública.

Artigo 3.- SUXEITO PASIVO

1.- Son suxeitos pasivos contribuintes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, os usuarios dos inmobles sinistrados que sexan obxecto de prestación do servicio, entendendo por tales, segundo os casos, os propietarios, usufructuarios, inquilinos e arrendamentos de ditos inmobles.

2.- Cando se trate da prestación de servicios de salvamento e outros análogos, será suxeito pasivo contribuinte a persoa física ou xurídica e a entidade prevista no artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que os solicite ou a favor da que redunden.

3.- Terá a consideración de sustituto do contribuinte, no caso de prestación do servicio de extinción de incendio e outros semellantes, a entidade ou sociedade aseguradora do risco.

Artigo 4.- RESPONSABLES

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que se sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.- EXENCIONS SUBXECTIVAS

1.-Gozarán de exención subxectiva aqueles contribuintes que sexan declarados por precepto legal e estean inscritos no Padrón de Beneficiencia ou obteñan ingresos anuais inferiores, os que corresponden ó salario mínimo interprofesional.

2.- Quedaran exentos do pago desta taxa, os suxetos pasivos, que esten empadroados neste Concello, exceptuando aqueles que teñan cuberto o risco, mediante unha póliza de seguros.

Artigo 6.- CUOTA TRIBUTARIA

1.- A cota tributaria determina en función do número de efectivos, tanto persoais como materiais que se empregan na prestación do servizo, o tempo investido neste, e o percorrido efectuado polos vehículos que actúen.

2.- Para este efecto aplicaranse as seguintes tarifas:

1.- Persoal.-

Por cada fracción de traballo de cada:

- Técnico cualificado.....	2.500 Pts.
- Personal no cualificado.....	2.490 Pts.

2.- Material.-

- Pola utilización de equipos especiais.....	6.500 Pts.
- Por cada litro de espumoxeno.....	Segundo tarifa mercado.
- Por cada litro de desengrasante.....	Segundo tarifa mercado.
- Por cada kg. De serrin desengrasante.....	Segundo tarifa mercado.
- Por utilización de extintores.....	Segundo tipo e Tamaño.

3.- Vehiculos.-

- Pola saída de Base de camión de bomberos ou motobomba, incluída a primeira hora de Traballo.....	16.800 Pts.
- Por cada fracción de traballo adicional.....	6.000 Pts.
- Por saída da Base de calquer outro vehículo....	6.500 Pts.
- Por cada Km. de percorrido de calquer dos vehículos, computándose ida e volta.....	80 Pts/km.

4.- Nas saídas que se efectúen fóra do Concello de Caldas de Reis aumentaranse as tarifas do servizo nun 40%.

5.- En tódalas saídas contabilizarase o tempo transcorrido dende a saída ata o regreso a Base ou Parque Municipal.

6.- Cando o servizo non chegue a intervir cobranse unicamente a saída dos vehículos da base que se houberen desprazado, agás aqueles desprazamentos fóra do Concello de Caldas de Reis, nos que se cobrarán ademais os kilómetros percorridos.

Artigo 7.- OBRIGACION DE CONTRIBUIR

A obrigación de contribuir que dá dereito ó cobro da Taxa, prodúcese cando sae da Base ou Parque Municipal a dotación correspondente, momento no que se inicia para tódolos efectos a prestación do servizo solicitado.

Artigo 8.- LIQUIDACION E INGRESO.

Dacordo cos datos que certifique o Servicio de Protección Civil, os servicios tributarios deste Concello practicarán a liquidación que corresponda, que será notificada para ingreso directo na forma e prazo sinalados polo Regulamento Xeral de Recaudación.

Artigo 9.- INFRACCIONS E SANCIONS

En todo o relativo a cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICION ADICIONAL

1.- A prestación dos servicios a que se refire a presente ordenanza, fóra do termo municipal, só se levará a cabo, previa solicitude do Alcalde ou Concelleiro Delegado en materia de Protección Civil, do respectivo municipio e mediante autorización específica do Alcalde-Presidente desta corporación ou ben cando exista risco para a vida ou seguridade das persoas.”